

EXPEDIENTE: 2024/E001/000004

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA TÉCNICOS/AS DE APOIO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE ACTUALIZACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO

A Resolución da alcaldía núm. 370/2024 de 15/07/2024 resolveu, entre outros: *"Ratificar a proposta efectuada polo Tribunal Cualificador, e aprobar a relación de candidatas que superaron o proceso de selección e a súa orde de prelación aos efectos de formación de bolsa de emprego de técnicos/as de apoio a programas integrados de emprego do Concello de Dodro.*

A selección foi regulada polas bases aprobadas na Xunta de Goberno Local do día 8 de maio de 2024 e a convocatoria publicada no Boletín Oficial da Coruña núm. 93 do 14 de maio de 2024."

A base novena das que regulan o proceso selectivo establece no seu apartado 5 que

"A renuncia a unha oferta de emprego con motivo xustificado non suporá cambio na orde da persoa candidata na Bolsa de Emprego. A renuncia a tres ofertas sen xustificar será causa de colocación no derradeiro lugar da Bolsa de Emprego durante 6 meses. Consideraranse como causa xustificada para a renuncia ao chamamento, entre outras, as seguintes:

- a) Estar en período de descanso paternal ou maternal ou de adopción, acreditado por certificado de nacemento ou libro de familia*
- b) Estar en situación de incapacidade temporal, acreditado por certificado medico.*
- c) Falecemento ou enfermidade grave de familiar ata segundo grao, acreditado por certificado medico."*

Efectuados chamamentos á seguinte integrante da bolsa de emprego e logo de ver que renunciou a tres chamamentos sen achegar ningunha das xustificacións reguladas na base arriba indicada:

Apelidos e nome	DNI
Rodríguez Blanco, Olalla	***738***

Considerando que o artigo 21.1h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, atribúe a Alcaldía-Presidencia a xefatura superior de todo o persoal ao servizo da administración local, competencia que inclúe o seu nomeamento e contratación, e ao abeiro do previsto nas Bases que regulan o proceso selectivo para a formación de bolsa de emprego de técnicos/as de apoio a programas integrados de emprego do Concello de Dodro.

RESOLVO:

Primeiro.- Actualizar a bolsa de emprego de técnicos/as de apoio a programas integrados de emprego, cuxa orde de prelación queda establecida do seguinte

xeito por un período de 6 meses desde a data da terceira renuncia sen xustificar, neste caso desde o 23/10/2025.

Orde de prelación	Nome e apelidos	DNI
1	Ruso Somoza, Patricia	***690***
2	Rodríguez Blanco, Olalla	***738***

Segundo.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro .

Terceiro.- Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFREL.

Dodro, documento asinado dixitalmente

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

A secretaria-interventora, que da fe, Sandra María García Chenlo